

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO


1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase conceder a licenza municipal de actividade de xestión, distribución e almacen de produtos deportivos na rúa das Cesteiras, parque empresarial IN-F, rueiro C, parcelas 7 e 8.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no núcleo rural tradicional de Barbaín, número 29, parroquia de Santa María de Bóveda; para construción de forxado de cuberta e a súa posterior cubrición, en edificación tradicional sita no núcleo rural 6.5 Portafontao, parroquia de Bacurín; para parcelamento da parcela matriz, composta das parcelas catastrais números 28 e 29, do Polígono 76290, sita no Carril de Recatelo, números 8-10, en dúas parcelas; para legalización de demolición e reconstrución parcial de muro en edificación tradicional, sito no núcleo rural tradicional de San Vicente+Cortiña, número 2, parroquia de San Vicente de Pías e para cambio de uso de local de oficina a vivenda, en edificio sito na rúa Poeta Manuel María, número 6-1ºC; para cambio de uso de doce locais de uso administrativo a doce vivendas, no edificio con licenzas números 164/03 e 1442/08, sito na rúa Mar Cantábrico, números 14-18, camiño de Pipín, número 71 e rúa das Fontes.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar a revisión de prezos do contrato administrativo asinado coa empresa "SERRAMAR, S.L.", adxudicataria do servizo permanente de vixilancia no Parque da Milagrosa,

Código Seguro de verificación:5vFHWpVOjg+XS7CKzKAfxg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	29/08/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2
 5vFHWpVOjg+XS7CKzKAfxg==			

para o período de prórroga comprendido entre o 15 de abril de 2013 e o 14 de abril de 2014, ou prazo inferior ata a adxudicación do novo contrato.

- Acórdase aprobar a modificación do contrato do servizo de mantemento, mellora e conservación de zonas verdes públicas e arboredo viario da cidade de Lugo, consistente en incorporar novas superficies a incluír no contrato.

- Acórdase delegar na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes de contratación relativos ás festas do San Froilán 2013, excepto os contratos menores.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4.- PERSOAL.- Acórdase o nomeamento dunha Enxeñeira Técnica Topógrafa do Excmo. Concello de Lugo.

- Acórdase aprobar as bases xerais do proceso extraordinario de funcionarización do Excmo. Concello de Lugo.

- Acórdase aprobar a autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo por persoal da dependencia de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, por mor da celebración da actividade "Vellos oficios vivos 2013"


Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptouse o seguinte acordo:

- Iniciar un procedemento de información reservada.

Asinado pola Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:5vFHWpVOjg+XS7CKzKAfxg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	29/08/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	5vFHWpVOjg+XS7CKzKAfxg==	PÁGINA 2/2



5vFHWpVOjg+XS7CKzKAfxg==